



Catas de Galicia 2021

xxxiii Cata dos Viños • xxiii Cata das Augardentes • x Cata dos Licores Tradicionais

PREMIOS AO MELLOR DESEÑO

Organizada pola **Consellería do Medio Rural**, a través da AGACAL, coa colaboración dos **consellos reguladores das denominacións de orixe Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra, e das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia**, convoca unha nova categoría dentro das Catas de Galicia 2021, que consistirá na valoración da creatividade, innovación e poder de comunicación no que respecta ao deseño das botellas e á súa etiquetaxe.

Con estes galardóns recoñécese a importancia do deseño e a creatividade como factor esencial para aumentar a presenza, competitividade e recoñecemento dos viños, augardentes e licores tradicionais galegos de cara á persoa consumidora final.

Perséguense con este recoñecemento:

- Ser un estímulo para que as adegas coiden a imaxe e presentación comercial dos produtos de calidade.
- Apostar por un produto diferenciado, facilmente recoñecido pola cidadanía.
- Poñer en valor os produtos galegos con denominación de orixe ou indicación xeográfica, que compiten visualmente no punto de venda con outras bebidas.
- Recoñecer a modernización, innovación e notoriedade destes produtos na fase visual de marca.
- Dar a coñecer a presenza de novas marcas, novos envases ou novas propostas comerciais.
- Contribuír á promoción, difusión, gozo e consumo responsable dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia.
- Captar a atención da mocidade e incentivar o gozo responsable con estes produtos.
- Xuntar aos profesionais do deseño, marketing e especialistas na comunicación visual e achegalos ao sector vitivinícola galego.

REQUISITOS DAS CANDIDATURAS

1. Poderán participar nesta categoría os viños elaborados polas adegas inscritas nos rexistros de cada unha das denominacións de orixe existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como os viños elaborados polas adegas produtoras de viños con indicación xeográfica protexida ou “Viños da Terra”: Val do Miño-Ourense, Betanzos, Barbanza e Iria e Ribeiras do Morrazo, sempre que **participen nalgunha categoría das contempladas na cata-concurso**. Esíxese o mesmo requisito ás augardentes e licores,



Catas de Galicia 2021

XXXIII Cata dos Viños · XXIII Cata das Augardentes · X Cata dos Licores Tradicionais

que poderán inscribirse se están acollidas a algunha das catro indicacións xeográficas existentes e participan na cata-concurso.

2. As adegas que desexen concorrer na categoría de deseño, terán **ata o día 3 de maio**, para enviar a folia de inscrición debidamente cumprimentada e a documentación gráfica requirida. Poderán participar todos os deseños gráficos para os viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia participantes na cata-concurso.
3. Documentación gráfica.

Para a valoración das botellas e da súa etiquetaxe, a **folia de inscrición** deberá enviarse acompañada dun máximo de **dúas imaxes por botella**, onde se aprecie a parte dianteira e a traseira desta. As fotografías enviaranse en alta calidade e formato JPG, e deberán representar con fidelidade o aspecto real da botella participante.

Para unha mellor valoración dos deseños presentados, as adegas poderán xuntar no correo electrónico unha **memoria descritiva**, explicando os aspectos que consideren relevantes ou dignos de destacar. Esta aclaración será enviada en formato PDF xunto co resto da documentación.

Ademais, no momento de recollida das mostras participantes na cata-concurso, o equipo da organización encargárase de custodiar **unha mostra física do produto final no caso dos viños, e dúas mostras físicas do produto final participante nesta categoría no das augardentes e licores tradicionais** (etiqueta comercial aplicada á botella).

4. Proceso de presentación.

As solicitudes presentaranse unicamente por medios electrónicos, remitindo o material ao Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria (Agacal), a través do enderezo electrónico catas.cmr@xunta.gal e solicitando sempre confirmación da recepción.

Se algunha das adegas interesadas presentase a súa solicitude por correo postal ou de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude, aquela na que fose enviada de forma telemática.

5. Sub-categorías.

Dentro da categoría, para os efectos do concurso establécense dúas sub-categorías:

- a) **Viños de Galicia**

Concurarán nesta sub-categoría os viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida da Comunidade Autónoma de Galicia.

- b) **Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia**

Concurarán nesta sub-categoría as augardentes de bagazo, augardentes de bagazo envellecidas, augardentes de herbas, os licores de herbas e os licores café, elaborados en industrias inscritas nos rexistros de elaboradores-avasadores do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.



Catas de Galicia 2021

xxxiii Cata dos Viños · xxxiii Cata das Augardentes · x Cata dos Licores Tradicionais

6. Os deseños que se presenten a concurso, deberán pertencer a botellas de viños, augardentes ou licores tradicionais que se estean a comercializar na actualidade. Quedarán descalificadas as candidaturas de deseños que non estean vixentes. Ademais, é requisito **imprescindíbel que ese viño, augardente ou licor tradicional participe nalgunha categoría das contempladas na cata-concurso** para poder concorrer na categoría de deseño.
7. Tendo en conta o punto 6, cando o número de solicitudes (recibidas e válidas) para concursar nunha categoría da cata-concurso **non sexa suficiente para acadar estes mínimos**, e por conseguinte estas mostras non sexan recollidas, o viño, augardente ou licor tradicional en cuestión tampouco poderá participar na categoría de deseño. Informarase ás adegas afectadas para que teñan constancia deste feito, antes ou durante a recollida.
8. Non será admitido ningún participante que nos dous anos anteriores á data de presentación da solicitude fose **sancionado por infracción grave** á lexislación agroalimentaria mediante resolución firme de calquera das administracións públicas.
9. Xurado.

A avaliación das candidaturas levarase a cabo a través dun xurado composto pola persoa titular da dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, actuando como secretario ou secretaria un membro do persoal da Área da Calidade Alimentaria da Agacal, e como vogais, dúas persoas funcionarias da mencionada área.

Para a cualificación dos deseños contarase cun comité de avaliación composto por un **mínimo de 5 profesionais do ámbito do deseño gráfico, o marketing e a comunicación**. A composición nominal do xurado farase pública a través da páxina web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Analizaranse de forma separada os deseños correspondentes coas subcategorías a) e b) establecidos nestas bases.

Os criterios a ter en conta á hora de outorgar unha puntuación serán a creatividade, a coherencia, a mensaxe, a innovación, a función e o valor comercial, así coma outros aspectos que se consideren relevantes a nivel visual. O **deseño da botella** considerárase relevante na puntuación, por ser un elemento diferenciador e de moito protagonismo na presentación do produto final.

Para o cálculo dos resultados, cada membro asignará unha cualificación a cada unha das mostras participantes. A media das puntuacións outorgadas polo comité de avaliación determinará a puntuación final.

A resolución do comité de avaliación será inapelable.

10. Premios.

A entrega de premios realizarase dentro do acto convocado e organizado para as Catas de Galicia 2021, ao que se dotará da difusión, transcendencia e solemnidade axeitada.



Catas de Galicia 2021

XXXIII Cata dos Viños · XXIII Cata das Augardentes · X Cata dos Licores Tradicionais

Establécense para esta categoría os seguintes premios por cada unha das sub-categorías:

- **Acio de Ouro Mellor Deseño** no caso dos viños.
- **Pote de Ouro Mellor Deseño** no das augardentes e licores tradicionais.

Ás empresas premiadas faráselles entrega dun trofeo que identifique a categoría e o posto acadado, acompañado dun diploma acreditativo.

11. Todos os participantes nesta categoría integrada dentro das Catas dos Viños de Galicia e a Cata das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia, comprométense a acatar estas bases.
12. A dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria ditará cantas disposicións sexan necesarias de cara ao correcto desenvolvemento do concurso.



galicia

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA